



Concello do Porriño

**DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).**

**Expediente núm.: 2443/2021.**

**Visto** o Decreto desta alcaldía nº 2022-2945 de data 29-11-2022, mediante o cal se resolveu:

-Estimar o recurso de reposición presentado por David Balado Castro e, en consecuencia, ANULAR as bases para a cobertura definitiva, polo sistema de concurso-oposición, dunha praza vacante da Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, grupo C, subgrupo C1, reservada a funcionarios de carreira, contida na oferta de emprego público de 2019 e na vixente Plantilla de persoal e Relación de Postos de Traballo co código de posto nº 01.01.00.02, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 210, de 2 de novembro de 2021.

-RETROTRAER as actuacións ao momento anterior ao de ditar a resolución aprobando as devanditas bases da convocatoria, ordenado realizar as actuacións necesarias para a aprobación de novas bases.

**Considerando** que nas citadas bases se exixiu aos aspirantes o requisito ter aboada a cantidade de 15,95 euros, polos dereitos de participación no proceso selectivo, mediante ingreso na conta corrente aberta a nome deste Concello en ABANCA corporación Bancaria, S.A. (sucursal do Porriño), IBAN ES55 2080 5054 0231 1001 7139, segundo a vixente ordenanza fiscal do concello do Porriño.

**Considerando** que o artigo 12 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos establece que procedera a devolución das taxas que se houberan exixido, cando non se realice o seu feito impositivo por causas non imputables ao suxeito pasivo, que foi o que ocorreu coa citada resolución de anulación das bases e retroacción de actuacións.

**Visto** o precepto citado, e a demais normativa concordante e de xeral aplicación; e consonte as atribucións que lle confiren os artigos 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 41.27 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), esta Alcaldía,

**RESOLVE**

**PRIMEIRO.** Que pola Tesourería municipal se tramite o correspondente expediente para devolución de oficio das taxas a todas as persoas aspirantes do devandito proceso selectivo que haxan realizado o seu pagamento.

**SEGUNDO.** Dar traslado de esta resolución a Tesourería municipal, asignándolle o citado expediente para que poida ter coñecemento dos aspirantes presentados e dos abonos das taxas feitos polos mesmos.

**Así o manda e asina dixitalmente no Porriño na data indicada na marxe.**

Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (1 para 2)  
Data de Sinatura: 18/01/2023  
HASH: c66418779008861e3810b5d59568225a  
Concello do Porriño

Eduardo Portillo Fernández (2 para 2)  
Data de Sinatura: 18/01/2023  
HASH: 7a51228e1f6eb41026db641e67c68073  
Concello do Porriño

**DECRETO**  
Número: 2023-0138 Data: 18/01/2023



Cod. Validación: 6MR2Q259NS9HOTASX3DCU76T | Corrección: https://porriño.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona eSPublico | Páxina 1 a 1